comerciais e hoteis, e que era defendida por unha parte minoritaria da cidadanía, se foi convertindo a base de traballar de maneira moi insistente esa cidadanía, pero tamén un goberno local liderado por Xulio Ferreiro, se foi convertindo nun consenso acadado aquí no Pleno por unanimidade. Iso non saíu do ceo, iso saíu a raíz dun traballo moi perseverante, moi perseverante e que foi ampliando eses consensos, xa non só aquí, na Corporación, senón tamén na Deputación, tamén no Parlamento de Galicia, e que conduciu a que agora chegamos á unanimidade de que eses convenios de 2004 non valen e que hai que formularlos. Eso, eso é un consenso e eso é traballar coa Corporación.

Se chegamos a ese punto no que realmente todo o mundo entende que hai que cambiar os convenios de 2004 é porque se procurou o traballo coa oposición e se lles convidou ó concurso de proxectos a todas as forzas políticas, a todas as Administracións se lles procurou, realmente, en beneficio da cidade que se chegaran a eses acordos.

A xuntanza remata, dende o noso punto de vista, da Marea Atlántica, sen avances. Insustanciais eu creo que é un xeito moi diplomático de dicilo, non? Aí consideramos que houbo pouca preparación, en realidade, non? Pois hai cuestións que se cadra hai que traballar antes e non levar a sorpresa de que veña aquí despois o señor de Puertos del Estado a botarnos unha bronca absolutamente descomunal, pero tamén se debe se cadra a toda unha serie de anuncios unilaterais que se fixeron por parte do Goberno e do Concello da Coruña, non? e que se cadra, pois non sentaron ben en Madrid, vale?

*que querían construír centros comerciais y hoteles, y que era defendida por una parte minoritaria de la ciudadanía, se fue convirtiendo a base de trabajar de manera muy insistente esa ciudadanía, pero también un gobierno local liderado por Julio Ferreiro, se fue convirtiendo en un consenso conseguido aquí en el Pleno por unanimidad. Eso no salió del cielo, eso salió a raíz de un trabajo muy perseverante, muy perseverante y que fue ampliando esos consensos, ya no solo aquí, en la Corporación, sino también en la Diputación, también en el Parlamento de Galicia, y que condujo a que ahora llegáramos a la unanimidad de que esos convenios de 2004 no valen y que hay que formularlos. Eso, eso es un consenso y eso es trabajar con la Corporación.*

*Si llegamos a ese punto en el que realmente todo el mundo entiende que hay que cambiar los convenios de 2004 es porque se procuró el trabajo con la oposición y se les invitó al concurso de proyectos a todas las fuerzas políticas, a todas las Administraciones se les procuró, realmente, en beneficio de la ciudad que se llegara a esos acuerdos.*

*La reunión finaliza, desde nuestro punto de vista, de la Marea Atlántica, sin avances. Insustanciales yo creo que es una manera muy diplomática de decirlo, ¿no? Ahí consideramos que hubo poca preparación, en realidad, ¿no? Pues hay cuestiones que a lo mejor hay que trabajar antes y no llevarse la sorpresa de que venga aquí después el señor de Puertos del Estado echándonos una bronca absolutamente descomunal, pero también se debe a lo mejor a toda una serie de anuncios unilaterales que se hicieron por parte del Gobierno y del Ayuntamiento de A Coruña, ¿no? y que a lo mejor, pues no sentaron bien en Madrid, ¿vale?*



A xuntanza visibiliza, eso si, a falta de compromiso do Estado coa cidade da Coruña e se visibiliza fundamentalmente en dúas cuestións: efectivamente a que vimos aquí a tratar no Pleno, que é o tren a Langosteira, e en segundo lugar, a condonación da débeda, e aí me vou parar un pouco.

O tren a Langosteira exige un estudo de viabilidade económica, pero como pode ser viable economicamente un porto sen tren?. En realidade só hai dous portos do Estado sen tren no Estado español, un deles é o da Coruña. Pero é que ademais é unha débeda pendente coa Coruña dende o momento en que, efectivamente, estamos sufrindo un proceso de transición enerxética forzosa, eh? co peche das térmicas, co fin do carbón e coas repercusións tamén nas industrias electrointensivas. Se efectivamente estamos nunha situación xeoestratéxica envexable, como pode ser que o Estado non se comprometa precisamente para buscar outras vías de desenvolvemento? que as hai, que as hai. Cal é o modelo de transición ecolóxica do Estado? Se pecha o carbón *e búscache a vida*? Estamos neses termos funcionando, realmente? Pois parece que si, parece que si.

Na cuestión da débeda tamén podemos falar de que é unha situación moi inxusta, e moi inxusta dende varios puntos de vista. Inxusta porque para pagarlle un crédito ó Estado hai que vender a cidade, e hai que vender a súa fachada marítima para construír infraestruturas de interese xeral do Estado. Onde se viu eso? Inxusta tamén porque as condicións do propio crédito son abusivas, e estamos falando dun tipo de interese do 1,75, dez veces máis, dez veces máis que o do Banco

*La reunión visibiliza, eso sí, la falta de compromiso del Estado con la ciudad de A Coruña y se visibiliza fundamentalmente en dos cuestiones: efectivamente la que venimos aquí a tratar en el Pleno, que es el tren a Langosteira, y en segundo lugar, la condonación de la deuda, y ahí me voy a parar un poco.*

*El tren a Langosteira exige un estudio de viabilidad económica, pero ¿cómo puede ser viable economicamente un puerto sin tren? En realidad solo hay dos puertos del Estado sin tren en el Estado español, uno de ellos es el de A Coruña. Pero es que además es una deuda pendiente con A Coruña desde el momento en que, efectivamente, estamos sufriendo un proceso de transición energética forzosa, ¿eh? con el cierre de las térmicas, con el fin del carbón y con las repercusiones también en las industrias electrointensivas. Si efectivamente estamos en una situación geoestratégica envidiable, ¿cómo puede ser que el Estado no se comprometa precisamente para buscar otras vías de desarrollo? que las hay, que las hay ¿Cuál es el modelo de transición ecológica del Estado? ¿Se cierra el carbón y te buscas la vida? ¿Estamos en esos términos funcionando, realmente? Pues parece que sí, parece que sí.*

*En la cuestión de la deuda también podemos hablar de que es una situación muy injusta, y muy injusta desde varios puntos de vista. Injusta porque para pagarle un crédito al Estado hay que vender la ciudad, y hay que vender su fachada marítima para construir infraestructuras de interés general del Estado ¿Dónde se vio eso? Injusta también porque las condiciones del propio crédito son abusivas, y estamos hablando de un tipo de interese del 1,75,*



Europeo de Inwestimentos, e isto conduce a que A Coruña xa pagara 36 millóns de euros e non amortizara nin un só euro do crédito do Estado. E vén o señor aquí a abroncarnos, de que A Coruña incumple. Vaia por dios.

É tamén inxusta porque a procedencia da débeda ten que ver coa construción dunha infraestrutura destinada a afastar os tránsitos perigosos de mercadorías na cidade despois de tres mareas negras. Nos lembramos moi ben, foron a do *Urquiola*, foron a do *Mar Egeo* e a do *Prestige*, mentres que en Valencia se condonan outro tipo de débedas. Valencia amosa que querer é poder e que é cuestión de vontade política. Aí se condona a débeda derivada da Fórmula 1 e da Copa América. Eu creo que é unha situación moi diferente da que padeceu A Coruña, pero non só se condona a débeda da Marina de Valencia a base dunha negociación política, lembremos, eh? que eso foi unha negociación política para que se puidera investir a Pedro Sánchez, senón que ademais o porto de Castellón vai poder contar con un tren financiado por Puertos del Estado. Ou sexa que, realmente, aquí non é unha cuestión do agravio e de *ofendidiños*, é unha cuestión de xustiza.

Ante esa situación e esa falta de respecto, e esa bronca que nos cae da Administración Xeral do Estado cando estamos realmente co risco de ter que vender parte da cidade para financiar un crédito, aquí, o Goberno queda calado. E a min me sorprende, realmente, non? que dende o Goberno local se quede calado e se asuma con mansedume, con submisión, unha situación que é manifestamente inxusta, mentres se aplica a man dura aquí cos partidos da oposición que realmente serían

*diez veces más, diez veces más que el del Banco Europeo de Inversiones, y esto conduce a que A Coruña ya pagara 36 millones de euros y no amortizara ni un solo euro del crédito del Estado. Y viene el señor aquí a abroncarnos, de que A Coruña incumple. Vaya por los dice.*

*Es también injusta porque el origen de la deuda tiene que ver con la construcción de una infraestructura destinada a alejar los tránsitos peligrosos de mercancías en la ciudad después de tres mareas negras. Nos acordamos muy bien, fueron la del “Urquiola”, fueron la del “Mar Egeo” y la del “Prestige”, mientras que en Valencia se condonan otro tipo de deudas. Valencia muestra que querer es poder y que es cuestión de voluntad política. Ahí se condona la deuda derivada de la Fórmula 1 y de la Copa América. Yo creo que es una situación muy diferente de la que padeció A Coruña, pero no solo se condona la deuda de la Marina de Valencia a base de una negociación política, recordemos, ¿eh? que eso fue una negociación política para que se pudiera invertir a Pedro Sánchez, sino que además el puerto de Castellón va a poder contar con un tren financiado por Puertos del Estado. O sea que, realmente, aquí no es una cuestión del agravio y de ofendidos, es una cuestión de justicia.*

*Ante esa situación y esa falta de respeto, y esa bronca que nos cae de la Administración General del Estado cuando estamos realmente con el riesgo de tener que vender parte de la ciudad para financiar un crédito, aquí, el Gobierno queda callado. Y a mí me sorprende, realmente, ¿no? que desde el Gobierno local se quede callado y se asuma con mansedumbre, con sumisión, una situación que es manifestamente injusta, mientras se aplica la mano dura aquí con los partidos de la oposición que*



necesarios, non só para gobernar xa, que parece que ás veces se esquece, senón para elevar de maneira unánime esas demandas ó Estado. Nós entendemos — vou ir acabando— que debería ser ó revés, debería ser ó revés. Debería ser: buscar a unanimidade aquí no Pleno, procurar ir todos xuntos con forza para defender os intereses da cidade e elevar de maneira contundente as demandas ó Estado que lle corresponden á cidade da Coruña. Nós cremos (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) que se está facendo ó revés. E xa acabo.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Polo Partido Popular, señora Gallego.

### **Señora Gallego Neira**

*Si, moitas grazas.*

*Pedimos o tren a Langosteira, pero porque é necesaria a conexión ferroviaria co porto exterior. É necesario para acabar con moitas cousas relacionadas co porto, pero tamén coa cidade; para acabar coa entrada de grandes buques con mercadorías perigosas ata o centro da cidade. Só este motivo xa xustificaría o porto exterior. Quen non viviron o “Urquiola” ou o “Mar Egeo” non saben o que significa. Para acabar de levar todas as mercadorías do porto interior ao exterior, como o granel ou os cereais; para acabar de liberar os terreos portuarios, en especial San Diego, sen o cal non se poderá completar a transformación da fachada marítima; para acabar de dar servizos ás empresas*

*realmente serían necesarios, no solo para gobernar ya, que parece que a veces se olvida, sino para elevar de manera unánime esas demandas al Estado. Nosotros entendemos —y voy a ir acabando— que debería ser al revés, debería ser al revés. Debería ser: buscar la unanimidad aquí en el Pleno, procurar ir todos juntos con fuerza para defender los intereses de la ciudad y elevar de manera contundente las demandas al Estado que le corresponden a la ciudad de A Coruña. Nosotros creemos (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) que se está haciendo al revés. Y ya acabo.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Por el Partido Popular, señora Gallego.*

### **Señora Gallego Neira**

*Sí, muchas gracias.*

*Pedimos el tren a Langosteira, pero porque es necesaria la conexión ferroviaria con el puerto exterior. Es necesario para acabar con muchas cosas relacionadas con el puerto, pero también con la ciudad; para acabar con la entrada de grandes buques con mercancías peligrosas hasta el centro de la ciudad. Solo este motivo ya justificaría el puerto exterior. Quienes no han vivido el Urquiola o el Mar Egeo no saben lo que significa. Para acabar de llevar todas las mercancías del puerto interior al exterior, como el granel o los cereales; para acabar de liberar los terrenos portuarios, en especial San Diego, sin el cual no se podrá completar la transformación de la fachada marítima; para acabar de dar servicios a las empresas ya instaladas en*



*xa instaladas en Langosteira, que sen tren non poden mover moitas das súas mercadorías ou teñen que facelo con custos pouco competitivos; para acabar coa dobre discriminación do Goberno do Estado coa nosa cidade, tanto coa débeda como co tren. Non hai diñeiro para o tren de Coruña pero si para o de Castelló; non hai condonación da débeda para A Coruña, pero si para Valencia. Foi o Partido Socialista, o seu socio, señor Jorquera, quen abriu este melón discriminando á nosa cidade. Coruña non se entende sen o seu porto, o porto non se entende sen Coruña.*

*Xa sei que vostedes dixeron e dirán hoxe que o Partido Popular gobernou o Estado e non fixo nada. Que fixo o Partido Popular? Aprobar a construción do porto exterior dentro do Plan Galicia en 2004, ese Plan Galicia de merda que dicía unha ministra do PSOE, —lembran?— Magdalena Álvarez. Destinar máis de 40 millóns de euros anuais para a execución da obra entre 2012 e 2018. Contratar o estudo informativo do tren que se aprobou en xaneiro de 2018. Entregar o proxecto construtivo finalizado a Portos do Estado en 2018, que se iniciou en 2016 e concluíuse en menos de dous anos. Aprobar a declaración de impacto ambiental e publicala no BOE o 26 de xuño de 2017 cunha vixencia de catro anos. Asinar un protocolo entre o presidente de Portos do Estado, o Ministerio de Fomento e o presidente da Xunta en 2018, polo que ademais de que o Goberno autonómico comprometéase a poñer 20 millóns de euros para blindar a titularidade pública dos terreos portuarios, garantíase o financiamento do tren a Langosteira entre ADIF e Portos do Estado, e a súa licitación no primeiro semestre de 2019. Por fin garantíase a conexión ferroviaria tan desexada.*

Langosteira, que sin tren no pueden mover muchas de sus mercancías o tienen que hacerlo con costes poco competitivos; para acabar con la doble discriminación del Gobierno del Estado con nuestra ciudad, tanto con la deuda como con el tren. No hay dinero para el tren de Coruña pero sí para el de Castellón; no hay condonación de la deuda para A Coruña, pero sí para Valencia. Fue el Partido Socialista, su socio, señor Jorquera, quien abrió este melón discriminando a nuestra ciudad. Coruña no se entiende sin su puerto, el puerto no se entiende sin Coruña.

Ya sé que ustedes han dicho y dirán hoy que el Partido Popular gobernó el Estado y no hizo nada ¿Qué hizo el Partido Popular? Aprobar la construcción del puerto exterior dentro del Plan Galicia en 2004, ese Plan Galicia de mierda que decía una ministra del PSOE, —¿recuerdan?— Magdalena Álvarez. Destinar más de 40 millones de euros anuales para la ejecución de la obra entre 2012 y 2018. Contratar el estudio informativo del tren que se aprobó en enero de 2018. Entregar el proyecto constructivo finalizado a Puertos del Estado en 2018, que se inició en 2016 y se concluyó en menos de dos años. Aprobar la declaración de impacto ambiental y publicarla en el BOE el 26 de junio de 2017 con una vigencia de cuatro años. Firmar un protocolo entre el presidente de Puertos del Estado, el Ministerio de Fomento y el presidente de la Xunta en 2018, por el que además de que el Gobierno autonómico se comprometía a poner 20 millones de euros para blindar la titularidad pública de los terrenos portuarios, se garantizaba la financiación del tren a Langosteira entre ADIF y Puertos del Estado, y su licitación en el primer semestre de 2019. Por fin se garantizaba la conexión ferroviaria tan deseada.



*En resumo, no primeiro semestre de 2018 había un proxecto construtivo aprobado, unha declaración ambiental aprobada, un protocolo que garantía o financiamento, un compromiso para a súa licitación no primeiro trimestre de 2019. É dicir, todo listo para que o tren arrincase.*

*Que pasou entón para que non se construíse a conexión ferroviaria de Langosteira? Que Sánchez foi investido presidente do Goberno e meteu a Galicia no caixón do esquecemento para envorcarase no Mediterráneo; que converteron en papel mollado o protocolo de 2018 que garantía o tren; que dicían que non había 140 millóns para o tren do porto da Coruña, pero nos orzamentos do Estado vemos 140 millóns para o de Castellón; que nomearon presidente de Portos de Galicia e do Estado a quen foi presidente do porto de Castellón e leva o diñeiro para a súa terra; que o ministro de Fomento é valenciano e ha condonado os 300 millóns da débeda do porto de Valencia, xusto á beira de Castellón, e négase a condonar os 200 millóns de Coruña; que din que como moito poden refinanciala, veremos os intereses, pero sen condonala, pero sen perdoar un euro ós coruñeses mentres que perdoan 300 ós valencianos; que deixan caducar a declaración de impacto ambiental o próximo mes de xuño sen mover un papel para licitar a conexión; que van ver sen caixa os fondos europeos, cando levan dicindo isto máis dun ano e saben que si; que poñen en dúbida a rendibilidade e viabilidade do tren e a do propio porto, cando, por exemplo, o porto coruñés en 2018 bateu o seu récord de negocio de tráfico de mercadorías e creceu un 11,5 % no mes de xaneiro de 2021, mentres a maioría dos portos españois baixaron. Desde a súa entrada en*

En resumen, en el primer semestre de 2018 había un proyecto constructivo aprobado, una declaración ambiental aprobada, un protocolo que garantizaba la financiación, un compromiso para su licitación en el primer trimestre de 2019. Es decir, todo listo para que el tren arrancase.

¿Qué pasó entonces para que no se construyese la conexión ferroviaria de Langosteira? Que Sánchez fue investido presidente del Gobierno y metió a Galicia en el cajón del olvido para volcarse en el Mediterráneo; que han convertido en papel mojado el protocolo de 2018 que garantizaba el tren; que decían que no había 140 millones para el tren del puerto de A Coruña, pero en los presupuestos del Estado vemos 140 millones para el de Castellón; que han nombrado presidente de Puertos de Galicia y del Estado a quien fue presidente del puerto de Castellón y se lleva el dinero para su tierra; que el ministro de Fomento es valenciano y ha condonado los 300 millones de la deuda del puerto de Valencia, justo al lado de Castellón, y se niega a condonar los 200 millones de Coruña; que dicen que como mucho pueden refinanciarla, veremos los intereses, pero sin condonarla, pero sin perdonar un euro a los coruñeses mientras que perdonan 300 a los valencianos; que dejan caducar la declaración de impacto ambiental el próximo mes de junio sin mover un papel para licitar la conexión; que van a ver sin caja los fondos europeos, cuando llevan diciendo esto más de un año y saben que sí; que ponen en duda la rentabilidad y viabilidad del tren y la del propio puerto, cuando, por ejemplo, el puerto coruñés en 2018 batió su record de negocio de tráfico de mercancías y ha crecido un 11,5 % en el mes de enero de 2021, mientras la mayoría de los puertos españoles bajaron. Desde su entrada en funcionamiento ha



*funcionamento moveu máis de 10 millóns de toneladas, xerando 583.000 horas de traballo, e se hai dúbidas da súa rendibilidade, que non son reais, é porque o Estado pecha Meirama sen alternativa e deixa vendidas ás electrointensivas co seu desastroso novo Estatuto e logo úsao para poñer en dúbida ao porto; que din agora que hai que vender terreos para facer caixa, deixando no aire a titularidade pública dos terreos portuarios. É dicir, co PSOE nin tren, nin condonación e ademais abrindo a posibilidade de vender os terreos.*

*Por se isto fose pouco, atopámonos cunha alcaldesa que monta unha reunión que cualifica como histórica. Foi histórica a reunión do día 23? Si, foi un fracaso histórico porque o porto saíu da reunión coa mesma dúbida e sen o mesmo tren que cando entrou, afogando a súa situación financeira e non permitindo a liberación de todos os terreos. Foi un fracaso histórico porque o Estado saíu da reunión coa mesma discriminación cara á Coruña que cando entrou, ao negarse a condonar a débeda e facelo en Valencia, e negarse a licitar o tren e facelo en Castellón.*

*Foi un fracaso histórico porque a cidade saíu da reunión co mesmo desprezo de Sánchez que cando entrou, que non destina nin un euro á Coruña e Inés Rey, a alcaldesa, cala, consente e presume de foto, en lugar de poñer o interese dos coruñeses por diante. Foi a única que gañou algo na reunión, a alcaldesa, porque saíu con máis fotos para a súa colección de fotos, maquetas e anuncios baleiros de contido, como a da escultura da sardiña de 53.000 € en plena pandemia, máis do que se destina á Cocina Económica ou ao Banco de Alimentos.*

movido máis de 10 millones de toneladas, generando 583.000 horas de trabajo, y si hay dudas de su rentabilidad, que no son reales, es porque el Estado cierra Meirama sin alternativa y deja vendidas a las electrointensivas con su desastroso nuevo Estatuto y luego lo usa para poner en duda al puerto; que dicen ahora que hay que vender terrenos para hacer caja, dejando en el aire la titularidad pública de los terrenos portuarios. Es decir, con el PSOE ni tren, ni condonación y además abriendo la posibilidad de vender los terrenos.

Por si esto fuera poco, nos encontramos con una alcaldesa que monta una reunión que califica como histórica ¿Fue histórica la reunión del día 23? Sí, fue un fracaso histórico porque el puerto salió de la reunión con la misma duda y sin el mismo tren que cuando entró, ahogando su situación financiera y no permitiendo la liberación de todos los terrenos. Fue un fracaso histórico porque el Estado salió de la reunión con la misma discriminación hacia A Coruña que cuando entró, al negarse a condonar la deuda y hacerlo en Valencia, y negarse a licitar el tren y hacerlo en Castellón.

Fue un fracaso histórico porque la ciudad salió de la reunión con el mismo desprecio de Sánchez que cuando entró, que no destina ni un euro a A Coruña e Inés Rey, la alcaldesa, calla, consiente y presume de foto, en lugar de poner el interés de los coruñeses por delante. Fue la única que ganó algo en la reunión, la alcaldesa, porque salió con más fotos para su colección de fotos, maquetas y anuncios vacíos de contenido, como la de la escultura de la sardina de 53.000 € en plena pandemia, más de lo que se destina a la Cocina Económica o al Banco de Alimentos.



*Unha vez máis se demostra que para o Goberno Socialista do Estado A Coruña nin existe nin ten interese en que exista, porque nos afoga por terra, mar e aire. Nin remodelación de Alfonso Molina, nin Vial 18, nin Cuarta Rolda, nin ampliación da Pasaxe, nin condonación da débeda, nin tren ao porto, nin melloras de Alvedro, nin nada de nada. O único histórico na reunión foi o desprezo do Goberno do Estado, socialista, cara á nosa cidade e o ninguneo histórico a Inés Rey do seu propio partido.*

*Como diría o “Raposo de Arteixo”, o noso benquerido Arsenio Igrexas, da reunión do día 23 hai moito que dicir, pero pouco que contar.*

*Non vendan como un gran acordo que se prorrogue a declaración de impacto ambiental, é que só faltaría que a deixasen caducar. Pero o que non pode significar esta prórroga é que o tren se meta dous anos máis nun cajón. O Goberno do Estado ten que licitalo xa. Non se pode esperar máis porque aínda quedan moitos trámites antes de que comecen as obras: o informe do proxecto pola Oficina de Supervisión de Proxectos, a aprobación do proxecto e declaración de necesidade de ocupación de bens, reformulo do proxecto, expediente de contratación que necesita a autorización do Consello de Ministros.*

*A decisión de non licitar o tren e de non condonar a débeda é puramente política. Se se pode facer no Mediterráneo, pódese facer no Atlántico. Teñen todo na súa man para facelo, sobre todo o tren, que é o que máis urxe pola caducidade da DIA. Acaben con esta discriminación incomprensible a esta nosa cidade.*

*Grazas.*

Una vez más se demuestra que para el Gobierno Socialista del Estado A Coruña ni existe ni tiene interés en que exista, porque nos ahoga por tierra, mar y aire. Ni remodelación de Alfonso Molina, ni Vial 18, ni Cuarta Ronda, ni ampliación del Pasaje, ni condonación de la deuda, ni tren al puerto, ni mejoras de Alvedro, ni nada de nada. Lo único histórico en la reunión fue el desprecio del Gobierno del Estado, socialista, hacia nuestra ciudad y el ninguneo histórico a Inés Rey de su propio partido.

Como diría el “Zorro de Arteixo”, nuestro bienquerido Arsenio Iglesias, de la reunión del día 23 hay mucho que decir, pero poco que contar.

No vendan como un gran acuerdo que se prorrogue la declaración de impacto ambiental, es que solo faltaría que la dejasen caducar. Pero lo que no puede significar esta prórroga es que el tren se meta dos años más en un cajón. El Gobierno del Estado tiene que licitarlo ya. No se puede esperar más porque aún quedan muchos trámites antes de que comiencen las obras: el informe del proyecto por la Oficina de Supervisión de Proyectos, la aprobación del proyecto y declaración de necesidad de ocupación de bienes, replanteo del proyecto, expediente de contratación que necesita la autorización del Consejo de Ministros.

La decisión de no licitar el tren y de no condonar la deuda es puramente política. Si se puede hacer en el Mediterráneo, se puede hacer en el Atlántico. Tienen todo en su mano para hacerlo, sobre todo el tren, que es lo que más urge por la caducidad de la DIA. Acaben con esta discriminación incomprensible a esta nuestra ciudad.

Gracias.





### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Socialista, señor Díaz Villoslada.

### **Señor Díaz Villoslada**

Bo día. Saudar a toda a Corporación e os técnicos que lle dan soporte ó Pleno, e tamén o público que nos segue, e compartir o pésame pola perda do compañeiro Fernando Seoane Prado, que tamén fora o primeiro xerente da Universidade e o primeiro presidente do Tribunal Económico-Administrativo Municipal.

Case empezo polo final, señora Gallego. Se o Partido Popular de Galicia na Coruña unicamente fixo durante o pasado mandato unha pasarela en Marineda e pouco máis... É que non hai máis investimentos autonómicos en Galicia para A Coruña, non hai. Porque o resultado de que esteamos así en algúns proxectos importantísimos é a absoluta desidia do Partido Popular na Coruña, en Galicia e en Madrid. Como se non tiveran gobernado. Supoño que por iso están a escapar de Génova 13.

Ben. Señora Gallego e señora García, porque se seguimos con iniciativas unilaterais partidistas, pouco favor lle facemos ás necesarias solucións que precisa o porto e a transformación urbana derivada deste cambio. Sen a suficiente lealdade institucional, sen a suficiente altura de miras e sen a suficiente xenerosidade política, non imos conseguir legar ás seguintes xeracións un porto competitivo e unha cidade con moito máis futuro. Pero eu estou seguro que si que o conseguiremos, porque a cidadanía nolo demanda. Porque o

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Gallego.*

*Por el Grupo Socialista, señor Díaz Villoslada.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Buenos días. Saludar a toda la Corporación y a los técnicos que le dan soporte al Pleno, y también al público que nos sigue, y compartir el pésame por la pérdida del compañero Fernando Seoane Prado, que también fuera el primer gerente de la Universidad y el primer presidente del Tribunal Económico-Administrativo Municipal.*

*Casi empiezo por el final, señora Gallego. Si el Partido Popular de Galicia en A Coruña únicamente hizo durante lo pasado mandato una pasarela en Marineda y poco más... Es que no hay más inversiones autonómicas en Galicia para A Coruña, no hay. Porque el resultado de que estemos así en algunos proyectos importantísimos es la absoluta desidia del Partido Popular en A Coruña, en Galicia y en Madrid. Como si no hubieran gobernado. Supongo que por eso están escapando de Génova 13.*

*Bien. Señora Gallego y señora García, porque si seguimos con iniciativas unilaterales partidistas, poco favor le hacemos a las necesarias soluciones que precisa el puerto y la transformación urbana derivada de este cambio. Sin la suficiente lealtad institucional, sin la suficiente altura de miras y sin la suficiente generosidad política, no vamos a conseguir legar a las siguientes generaciones un puerto competitivo y una ciudad con mucho más futuro. Pero yo estoy seguro que sí que lo conseguiremos, porque la ciudadanía nos lo demanda.*



Partido Popular con esta solicitude de Pleno extraordinario non pretendía precisamente, nin pretende agora, sentar bases para este gran acordo institucional que a cidadanía nos demanda para o porto e para a cidade despois de 17 anos de desencontros, porque este acordo presentado o día 19 de febreiro, señora Gallego, que trae o Partido Popular, non buscaba facilitar o clima de diálogo no que si que transcurriu, precisamente, a reunión do 23 de febreiro.

Pero non pasa nada, debatimos unha vez máis esta proposta de acordo para poñerse medallas cada un, pero se nos exige a todos chegar a acordos pola nosa cidade portuaria. Porque cando un revisa o relato que fai no texto da proposta de acordo, nese partidismo un pouco —descúlpeme— un pouco infantiloides, fálase de cando governa o Partido Popular, cando se fan determinados trámites, pero bueno, non se fala de cando o Ministerio de Fomento tomou a decisión de acometer o estudo informativo non gobernaba o Partido Popular, gobernaba outro partido, gobernaba o Partido Socialista, pero iso non se di.

Por certo, tardaron oito anos, oito anos, en aprobar o proxecto, oito anos. De 2010, desde outubro de 2010 ata xaneiro de 2018, que estaban a piques de abandonar o Goberno.

Algo de historia que fixeron os anteriores intervinentes. Algo de historia que creo que podemos compartir todos, porque tras as catástrofes marítimas e medioambientais, sinaladamente despois da catástrofe do *Prestige*, Goberno central, Xunta de Galicia e Concello apostan en 2004, si, por afastar os tráfico perigosos da cidade coa construción do novo porto exterior en Punta Langosteira. Os

*Porque el Partido Popular con esta solicitud de Pleno extraordinario no pretendía precisamente, ni pretende ahora, sentar bases para este gran acuerdo institucional que la ciudadanía nos demanda para el puerto y para la ciudad después de 17 años de desencuentros, porque este acuerdo presentado el día 19 de febrero, señora Gallego, que trae el Partido Popular, no buscaba facilitar el clima de diálogo en el que sí que transcurrió, precisamente, la reunión de 23 de febrero .*

*Pero no pasa nada, debatimos una vez más esta propuesta de acuerdo para ponerse medallas cada uno, pero se nos exige a todos llegar a acuerdos por nuestra ciudad portuaria. Porque cuando uno revisa el relato que hace en el texto de la propuesta de acuerdo, en ese partidismo un poco —discúlpeme— un poco infantiloides, se habla de cuando gobierna el Partido Popular, cuando se hacen determinados trámites, pero bueno, no se habla de que cuando el Ministerio de Fomento tomó la decisión de acometer el estudio informativo no gobernaba el Partido Popular, gobernaba otro partido, gobernaba el Partido Socialista, pero eso no se dice.*

*Por cierto, tardaron ocho años, ocho años, en aprobar el proyecto, ocho años. De 2010, desde octubre de 2010 hasta enero de 2018, que estaban a punto de abandonar el Gobierno.*

*Algo de historia que hicieron los anteriores intervinientes. Algo de historia que creo que podemos compartir todos, porque tras las catástrofes marítimas y medioambientales, especialmente después de la catástrofe del “Prestige”, Gobierno central, Xunta de Galicia y Ayuntamiento apuestan en 2004, sí, por alejar los tráfico peligrosos de la ciudad con la construcción del nuevo puerto exterior en*



convenios de 2004, asinados tamén polo señor Núñez Feijóo como conselleiro de Obras Públicas, vencellaban o financiamento do novo porto exterior á urbanización dos espazos portuarios interiores a desafectar, incorporando os intensos parámetros urbanísticos de edificación destes convenios de 2004 no Plan Xeral de 2013, aprobado tamén polo Partido Popular cando gobernaba nesta Corporación municipal. A historia de sobrecostos da construción do porto exterior, de 600 a 1.000 millóns, para a súa operatividade, a historia das dilixencias que está a tramitar o Tribunal de Cuentas están aí, non imos profundizar neste porque non nos corresponde, correspóndelle ó Tribunal de Cuentas no seu caso.

Langosteira comezou a operar en agosto de 2012 e ata o momento actual, segundo os datos da Autoridade Portuaria, ten acollido 20 buques en condicións de perigosidade para a cidade, pero para a plena operatividade e competitividade comercial, non só como porto refuxio —que evidentemente cumpre esta función— precisa a conexión ferroviaria, e que ninguén teña ningunha dúbida: ninguén discute a absoluta necesidade de conexión ferroportuaria de Punta Langosteira. Hai varios operadores importantes, hai proxectos relevantes que requiren esa conexión ferroviaria, o que permitirá, ademais, trasladar ó porto exterior determinadas actividades do porto exterior. Por certo, tamén estará a operar Repsol en Langosteira con catro anos de retraso respecto das previsións iniciais que tiña a Autoridade Portuaria na etapa anterior do señor Enrique Losada.

Ante a constatada imposibilidade de financiar estas obras en Langosteira cos compromisos de 2004, a Autoridade

*Punta Langosteira. Los convenios de 2004, firmados también por el señor Núñez Feijóo como conselleiro de Obras Públicas, vinculaban la financiación del nuevo puerto exterior a la urbanización de los espacios portuarios interiores a desafectar, incorporando los intensos parámetros urbanísticos de edificación de estos convenios de 2004 en el Plan General de 2013, aprobado también por el Partido Popular cuando gobernaba en esta Corporación municipal. La historia de sobrecostos de la construcción del puerto exterior, de 600 a 1.000 millones, para su operatividad, la historia de las diligencias que está tramitando el Tribunal de Cuentas están ahí, no vamos profundizar en esto porque no nos corresponde, le corresponde al Tribunal de Cuentas en su caso.*

*Langosteira comenzó a operar en agosto de 2012 y hasta el momento actual, según los datos de la Autoridad Portuaria, ha acogido 20 buques en condiciones de peligrosidad para la ciudad, pero para la plena operatividad y competitividad comercial, no solo como puerto refugio —que evidentemente cumple esta función— precisa la conexión ferroviaria, y que nadie tenga ninguna duda: nadie discute la absoluta necesidad de conexión ferroportuaria de Punta Langosteira. Hay varios operadores importantes, hay proyectos relevantes que requieren esa conexión ferroviaria, lo que permitirá, además, trasladar al puerto exterior determinadas actividades del puerto exterior. Por cierto, también estará operando Repsol en Langosteira con cuatro años de retraso respecto de las previsiones iniciales que tenía la Autoridad Portuaria en la etapa anterior del señor Enrique Losada.*

*Ante la constatada imposibilidad de financiar estas obras en Langosteira con los compromisos de 2004, la Autoridad*



Portuaria asumiu algo máis de 300 millóns de endebedamento co Banco Europeo de Investimentos e con Portos do Estado. Esta carga financeira, efectivamente, non é asumible pola Autoridade Portuaria, a lo menos os 200 millóns con Portos del Estado cuxo principal, como sabemos, comeza a devindicarse durante este vindeiro mes de xuño.

Pero é que ademais de todo isto —porque todo hai que dicilo— a caída de tráfico de mercadorías do porto da Coruña entre 2015 e 2020 —e estes son datos obxectivos e publicados— é crítica: foi dun 25 %. E é así.

É certo que a perda de carbón de Meirama ou a crise do transporte de derivados do petróleo de Repsol durante a pandemia de 2020 lastraron esta caída, pero hai moitos máis compoñentes estruturais nesa caída de tráfico. Esta perda acumulada de tráfico lastra aínda máis a capacidade financeira da Autoridade Portuaria e de facto encóntrase intervida por Portos do Estado. Así o sabemos a través da súa Comisión de Normalización.

En 2018 a Xunta de Galicia promoveu coa Autoridade Portuaria e co Ministerio de Fomento un protocolo que non se instrumentou como convenio e que, polo tanto, nunca, nunca acadou virtualidade nin xurídica, nin por suposto económica. Convenio que, por certo, non tivo nunca en consideración ó Concello, o cal é altamente chamativo e altamente ofensivo para a cidade, nin tampouco a ADIF, todo hai que dicilo. Presenta algún elemento positivo en canto á garantía de titularidade pública dos terreos de Batería e Calvo Sotelo, pero non esquezamos que nunca eses 20 millóns comprometidos pola Xunta de Galicia estiveron orzamentados, e por outra parte, e este

*Portuaria asumió algo más de 300 millones de endeudamiento con el Banco Europeo de Inversiones y con Puertos del Estado. Esta carga financiera, efectivamente, no es asumible por la Autoridad Portuaria, por menos los 200 millones con Puertos del Estado cuyo principal, como sabemos, comienza a devengarse durante este próximo mes de junio.*

*Pero es que además de todo esto —porque todo hay que decirlo— la caída de tráfico de mercancías del puerto de A Coruña entre 2015 y 2020 —y estos son datos objetivos y publicados— es crítica: fue de un 25 %. Y es así.*

*Es cierto que la pérdida de carbón de Meirama o la crisis del transporte de derivados del petróleo de Repsol durante la pandemia de 2020 lastraron esta caída, pero hay muchos más componentes estructurales en esa caída de tráfico. Esta pérdida acumulada de tráfico lastra aún más la capacidad financiera de la Autoridad Portuaria y de facto se encuentra intervenida por Puertos del Estado. Así lo sabemos a través de su Comisión de Normalización.*

*En 2018 la Xunta de Galicia promovió con la Autoridad Portuaria y con el Ministerio de Fomento un protocolo que no se instrumentó como convenio y que, por lo tanto, nunca, nunca consiguió virtualidad ni jurídica, ni por supuesto económica. Convenio que, por cierto, no tuvo nunca en consideración al Ayuntamiento, lo cual es altamente llamativo y altamente ofensivo para la ciudad, ni tampoco a ADIF, todo hay que decirlo. Presenta algún elemento positivo en cuanto a la garantía de titularidad pública de los terrenos de Batería y Calvo Sotelo, pero no olvidemos que nunca esos 20 millones comprometidos por la Xunta de Galicia estuvieron*



protocolo, e así está escrito, está absolutamente vencellado á aplicación dos parámetros urbanísticos dos convenios de 2004. E é así.

En resumo, entre 2004 e 2021, durante toda a etapa do presidente da Autoridade Portuaria nomeado pola Xunta de Galicia, durante máis de 7 anos de goberno en Madrid do señor Rajoy entre 2011 e 2018, que fixo o Partido Popular? Porque esta é a situación que estaba relatada ou que estaba nas hemerotecas antes da reunión do día 23 de febreiro, convocada, dentro da súa máxima responsabilidade, pola alcaldesa, para tratar de afrontar este reto entre todas as Administracións Públicas competentes para buscar un novo futuro para o porto da Coruña. Tamén, e dunha forma principal, para trazar un novo futuro para a cidade nos ámbitos portuarios interiores que se foran desafectando.

Que fixeron, polo tanto, os gobernos do Partido Popular na Coruña, na Xunta de Galicia e, como digo, durante eses 7 anos de mandato de Rajoy en Madrid para solucionar os problemas da débeda da Autoridade Portuaria ou para seguir tramitando a conexión ferroviaria de Punta Langosteira? Por certo, que foi daquela promesa da instalación de Pemex en Punta Langosteira? Que está reivindicando o Partido Popular de compromisos incumplidos sistemáticamente co porto exterior da Coruña?

Pedir agora unha condonación e unha inmediata licitación de ferrocarril a unha data exacta é pura retórica, é pura retórica política para titulares preestablecidos, cando saben que non é viable sen ter feito o traballo con anterioridade.

*presupuestados, y por otra parte, y este protocolo, y así está escrito, está absolutamente vinculado a la aplicación de los parámetros urbanísticos de los convenios de 2004. Y es así.*

*En resumen, entre 2004 y 2021, durante toda la etapa del presidente de la Autoridad Portuaria nombrado por la Xunta de Galicia, durante más de 7 años de goberno en Madrid del señor Rajoy entre 2011 y 2018, ¿qué hizo el Partido Popular? Porque esta es la situación que estaba relatada o que estaba en las hemerotecas antes de la reunión del día 23 de febrero —convocada, dentro de su máxima responsabilidad, por la alcaldesa— para tratar de afrontar este reto entre todas las Administraciones Públicas competentes para buscar un nuevo futuro para el puerto de A Coruña. También, y de una forma principal, para trazar un nuevo futuro para la ciudad en los ámbitos portuarios interiores que se habían ido desafectando.*

*¿Qué hicieron, por lo tanto, los gobiernos del Partido Popular en A Coruña, en la Xunta de Galicia y, como digo, durante esos 7 años de mandato de Rajoy en Madrid para solucionar los problemas de la deuda de la Autoridad Portuaria o para seguir tramitando la conexión ferroviaria de Punta Langosteira? Por cierto, ¿qué fue de aquella promesa de la instalación de Pemex en Punta Langosteira? ¿Qué está reivindicando el Partido Popular de compromisos incumplidos sistemáticamente con el puerto exterior de A Coruña?*

*Pedir ahora una condonación y una inmediata licitación de ferrocarril a una fecha exacta es pura retórica, es pura retórica política para titulares preestablecidos, cuando saben que no es viable sin haber hecho el trabajo con anterioridad.*



Que fixo o Goberno municipal da Marea Atlántica durante o seu mandato, señora García? (**Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) E vou rematando, señora alcaldesa—. Ser ninguneada absolutamente nos protocolos de 2018 e montar concursos de ideas interesantes, pero certamente inoperantes.

Podemos falar a continuación dos resultados do cumio, como se suele chamar, do día 23 de febreiro pasado e profundizar nalgún destes aspectos, pero este é o relato que está nas hemerotecas fronte a relatos interesados da señora Gallego ou da señora García.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Última quenda, señora Faraldo, catro minutos.

### **Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa.

Dicía o señor Lage á prensa recentemente que este ía ser un camiño tortuoso. Efectivamente, e iso delata, basicamente, falta de vontade política, porque con boa vontade política o camiño non sería de rosas, pero tampouco sería ese drama que delata esa frase. Así que toca facer todo o que está nas nosas mans, sen reparos, sen pudores e sen outros intereses que non sexan os da cidade.

Lonxe de todos os erros cometidos no pasado, que expuxen na primeira

*¿Qué hizo el Gobierno municipal de la Marea Atlántica durante su mandato, señora García? (Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) Y voy finalizando, señora alcaldesa. Ser ninguneada absolutamente en los protocolos de 2018 y montar concursos de ideas interesantes, pero ciertamente inoperantes.*

*Podemos hablar a continuación de los resultados de la cumbre, como se suele llamar, del día 23 de febrero pasado y profundizar en alguno de estos aspectos, pero este es el relato que está en las hemerotecas frente a relatos interesados de la señora Gallego o de la señora García.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.*

*Último turno, señora Faraldo, cuatro minutos.*

### **Señora Faraldo Calvo**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Decía el señor Lage a la prensa recientemente que este iba a ser un camino tortuoso. Efectivamente, y eso delata, básicamente, falta de voluntad política, porque con buena voluntad política el camino no sería de rosas, pero tampoco sería ese drama que delata esa frase. Así que toca hacer todo lo que está en nuestras manos, sin reparos, sin pudores y sin otros intereses que no sean los de la ciudad.*

*Lejos de todos los errores cometidos en el pasado, que expuse en la primera*



intervención, ó meu entender o que é unha evidencia é que o porto sen tren non é un porto operativo, condeando máis aínda á súa ruína, xa comezada tras unha década de funcionamento no que está infrautilizada a obra pública que a condea a languidecer, en lugar de fomentar as súas potencialidades. As conexións ferroviarias, e nomeadamente as ferroportuarias, son recoñecidas como as mellores urxencias para posicionar internacionalmente, xa non A Coruña, a Galicia, nas cadeas globales de movemento de mercancías. Non podemos quedar atrás.

Toca traccionar ó Ministerio de Fomento, e quen mellor que o Goberno local, pois xogan baixo a mesma bandeira. Toca buscar solucións incluso máis alá dos Pirineos, nos fondos europeos. Desde logo, non seremos desde Podemos sospeitosos de non poñer toda a carne no asador, tensionando todo o que está na nosa man, e por exemplo, a enorme labor da ministra de Traballo, as nosas presións nos temas de vivenda, desahucios, de regular os prezos de alquiler, etcétera, pero dentro dos equilibrios do Goberno.

Señor Jorquera, ustedes non presentaron unhas emendas parciais. Primeiro presentaron unha emenda á totalidade duns orzamentos volcados, precisamente, nun momento de crise sanitaria e social. Eso os deixou fóra da negociación. Uns orzamentos aprobados, ademais, por outra parte, pola maioría absoluta do Congreso, para despois vir cunhas emendas parciais que, como pouco, falan máis de escarapate, non? de non facer os deberes previos e de vir logo con tarefas parciais. En fin.

Dito todo esto, e a pesar de sentir que pódase facer de novo unha utilización

*intervención, a mi entender lo que es una evidencia es que el puerto sin tren no es un puerto operativo, condenando más aún a su ruína, ya comenzada tras una década de funcionamiento en el que está infrautilizada la obra pública que la condena a languidecer, en lugar de fomentar sus potencialidades. Las conexiones ferroviarias, y especialmente las ferroportuarias, son reconocidas como las mejores urgencias para posicionar internacionalmente, ya no A Coruña, a Galicia, en las cadenas globales de movimiento de mercancías. No podemos quedar atrás.*

*Toca traccionar al Ministerio de Fomento, y quién mejor que el Gobierno local, pues juegan bajo la misma bandera. Toca buscar soluciones incluso más allá de los Pirineos, en los fondos europeos. Desde luego, no seremos desde Podemos sospechosos de no poner toda la carne en el asador, tensionando todo lo que está en nuestra mano, y por ejemplo, la enorme labor de la ministra de Trabajo, nuestras presiones en los temas de vivienda, desahucios, de regular los precios de alquiler, etcétera, pero dentro de los equilibrios del Gobierno.*

*Señor Jorquera, ustedes no presentaron unas enmiendas parciales. Primero presentaron una enmienda a la totalidad de unos presupuestos volcados, precisamente, en un momento de crisis sanitaria y social. Eso los dejó fuera de la negociación. Unos presupuestos aprobados, además, por otra parte, por la mayoría absoluta del Congreso, para después venir con unas enmiendas parciales que, como poco, hablan más de escarapate, ¿no? de no hacer los deberes previos y de venir luego con tareas parciales. En fin.*

*Dicho todo esto, y a pesar de sentir que se pueda hacer de nuevo una utilización*



perversa do noso voto, como xa se fixo co tema do hospital, en canto a realizar as accións necesarias para poder licitar as obras do acceso ferroviario ó porto exterior, o noso voto —non pode ser doutro xeito— é votar a favor.

Graciñas, alcaldesa.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

### **Señor Jorquera Caselas**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

A señora Rosa Gallego aludiu directamente a min para replicar ó que dixeran de que o Partido Popular esqueceuse de reivindicar a solución á débeda do porto da Coruña mentres gobernaba en Madrid, e lémbrese agora, e o que dixó textualmente foi que foi o Partido Socialista quen abriu ese melón, e por iso agora se reivindica a condonación da débeda do porto exterior.

Señora Gallego, sabe por que se abriu ese melón? Mire, abriuse ese melón porque no Consello de Política Fiscal e Financeira, que é o órgano que reúne o Goberno central e as Comunidades Autónomas para discutir os límites de gasto e o reparto dos obxectivos de déficit nun exercicio, a Generalitat Valenciana condicionou chegar a un acordo a que o Estado asumise a condonación da débeda do porto de Valencia. Fixo algunha vez a Xunta de Galicia algo parecido? Preocupouse a Xunta de Galicia de intentar influír nas posicións do Estado para que se atendan as nosas demandas, ou o único que fai é

*perversa de nuestro voto, como ya se hizo con el tema del hospital, en cuanto a realizar las acciones necesarias para poder licitar las obras del acceso ferroviario al puerto exterior, nuestro voto —no puede ser de otro modo— es votar a favor.*

*Graciñas, alcaldesa.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

